

Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa defensa ante a Unión Europea da pesca da quenlla e da extensión ao resto das frotas mundiais da práctica do “finning”, a clarificación desta técnica e o estudo do seu custo para a frota galega (doc. núm. 43408).

Emenda de adición

No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“... . Tendo en conta que corresponde á Comisión europea realizar as xestións oportunas nos foros internacionais para que este aspecto se consiga.”

Emenda de adición

Débese engadir, na parte resolutiva da iniciativa, un novo punto 3 que terá o seguinte contido:

“3. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice un estudo, conxuntamente co sector, sobre a posible conveniencia, para a flota galega, da aplicación da normativa existente noutros países nesta materia. As conclusións do dito estudo débense trasladar á Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e debate oportuno.”

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2019 16:07:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2019 16:08:18

